

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de  
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a  
responder:*

**Nome e apelidos**

*Nome e apelidos*

**DNI:**

**Sinatura:**

*Firma:*

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude  
Profesional (CAP)**

**Mercadorías**

**10/01/2024**

**16:15 H**

**-GALEGO-**

**MODELO A**



**Dele la vuelta al cuaderno  
para disponer del examen en  
CASTELLANO**

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**1. Que permite un tamaño empresarial grande no sector do transporte de mercadorías por estrada?**

- a) Encarecer a adquisición de vehículos e de todos os aprovisionamentos.
- b) Acceder a recursos financeiros externos en maior cantidade e mellores condicións.
- c) Non acceder a innovacións tecnolóxicas que melloran a produtividade.
- d) Reducir a capacidade de comercialización.

**2. Que establece o convenio CMR?**

- a) As condicións que rexen o contrato de transporte internacional de viaxeiros por estrada..
- b) As condicións que rexen o contrato de transporte internacional de mercadorías por estrada..
- c) A regulación do transporte internacional de mercadorías e de viaxeiros..
- d) Os sistemas de control policial na estrada.

**3. Segundo o acordo ATP, debaixo das letras de identificación dos vehículos de temperatura controlada indícase:**

- a) a data de expiración (mes e ano) da validez do certificado que deben posuír estes vehículos.
- b) a data de expiración (día, mes e ano) da validez do certificado que deben posuír estes vehículos.
- c) o ano de expiración da validez do certificado que deben posuír estes vehículos.
- d) o ano e día de expiración da validez do certificado que deben posuír estes vehículos.

**4. Entre as forzas que interveñen no movemento dun camión, como se denomina á forza da atracción terrestre?**

- a) Forza centrípeta.
- b) Forza de presión vertical.
- c) Forza de gravidade.
- d) Forza de guiado interno.

**5. No transporte privado complementario de mercadorías non é necesaria a autorización administrativa se o vehículo non supera unha MMA de**

- a) 2 toneladas.
- b) 3 toneladas.
- c) 3,5 toneladas.
- d) 4 toneladas.

**6. Que supón un incremento da altura do centro de gravidade do vehículo?**

- a) Un incremento da inestabilidade do vehículo.
- b) Maior velocidade de cruceiro.
- c) Mellor aceleración.
- d) Un incremento da estabilidade do vehículo.

**7. Que factor pode afectar á estabilidade do vehículo?**

- a) A capacidade do chan para soportar a carga.
- b) A forza de molaridade.
- c) A forza atemporal.
- d) A masa de cálculo de resistencia.

**8. Unha boa estiba require que a carga sexa colocada:**

- a) de forma transversal á caixa do vehículo.
- b) da forma que asegure unha maior rendibilidade económica.
- c) de forma que nunca se superpoñan máis de 5 vultos.
- d) de modo que se eviten danos na mesma.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

## 9. Cal das seguintes forzas interveñen no movemento dun camiión?

- a) A forza maior.
- b) A forza menor.
- c) A forza motriz.
- d) A forza nula.

## 10. Segundo o acordo ATP, que é un vehículo identificado coas letras RRA?

- a) Un vehículo refrixerante reforzado da clase A.
- b) Un vehículo isoterma reforzado da clase A.
- c) Un vehículo frigorífico reforzado da clase A.
- d) Un vehículo calorífico reforzado da clase A.

## 11. Como han de ser as sociedades laborais?

- a) Sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada.
- b) Só poden ser sociedades anónimas.
- c) Poden ser sociedades comanditarias.
- d) Poden ser sociedades de contas en participación.

## 12. O empresario individual

- a) xeralmente responde das obrigacións con todo o seu patrimonio, empresarial e persoal.
- b) é a empresa desenvolta baixo a titularidade directa dunha persoa xurídica.
- c) non asume o risco derivado da actividade.
- d) é o tipo de empresa con máis requisitos formais, tanto para a súa constitución como para o seu funcionamento.

## 13. O arrendamento de vehículos sen condutor para a realización de transporte de mercadorías por estrada?

- a) é unha actividade mercantil non contemplada nas normas que regulan a ordenación do transporte por estrada.
- b) unicamente se pode realizar se á vez se arrendan as autorizacións de transporte que amparan devanditos vehículos.
- c) é unha actividade auxiliar e complementaria do transporte.
- d) Só se poden arrendar vehículos para realizar transportes privados de mercadorías.

## 14. Para que condutores é necesario un certificado de condutor de terceiro país?

- a) Para todos os que non sexan españois.
- b) Só para todos os condutores con nacionalidade marroquí.
- c) Para os condutores que non teñan nacionalidade dun estado da Unión Europea ou de Islandia, Noruega e Liechtenstein.
- d) Soamente para os procedentes de América Latina.

## 15. A actividade de transporte de mercadorías por estrada orixina unha serie de consecuencias negativas que soporta a sociedade no seu conxunto. Sinale a que non proceda.

- a) Accidentes.
- b) Desemprego.
- c) Contaminación.
- d) Conxestión viaria.

## 16. En España, hai que formular declaración aduaneira para a importación de mercadorías procedentes de Ceuta ou Melilla?

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só para a importación de produtos electrónicos.
- d) Só cando a mercadoría está producida ou fabricada fóra do Estado español.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**17. Cal é a marca de identificación dun vehículo calorífico reforzado da clase A?**

- a) CRA.
- b) CNA.
- c) CRB.
- d) CFA.

**18. A sobrecarga do eixo dun camión?**

- a) pode ter efectos negativos ao controlar a velocidade.
- b) acrecenta o efecto positivo dunha pendente ascendente.
- c) fai que o centro de gravidade sexa máis estable.
- d) axuda a controlar a velocidade durante unha pendente descendente prolongada.

**19. Todo corpo está exposto a diferentes forzas e pares de forzas. Que sucede cando a suma das forzas e os pares de forzas aplicadas a un camión é distinta de cero?**

- a) Que o vehículo se atopa en repouso.
- b) Que a traxectoria do vehículo non é recta.
- c) Que o vehículo se move.
- d) Que a traxectoria do vehículo é inestable.

**20. Que se debe comprobar para saber se se pode transportar unha determinada cantidade de mercadorías?**

- a) A masa da mercadoría usando o teorema de Kant para comprobalo.
- b) Que o vehículo dispoña dunha carga útil suficiente para a cantidade de mercadorías que vai transportar.
- c) Comprobar, mediante unha simulación con paquetes definidos para tal fin, que o vehículo dispón do espazo suficiente.
- d) Realizar un cálculo da masa substancial da carga.

**21. Para poder calcular a carga útil dun camión é necesario:**

- a) sumar o seu MMA ao seu TARA.
- b) restar a TARA da súa MMA.
- c) restar a MMA da TARA.
- d) cargar o vehículo nunha báscula, en todo caso.

**22. Que prazo de validez teñen as autorizacións CEMT?**

- a) Hainas dun ano e de quince días
- b) Hainas dun ano e de trinta días.
- c) Hainas de dous anos e de quince días.
- d) Hainas de dous anos e de trinta días.

**23. Como se denominan os transportes de mercadorías realizados integramente no territorio dun Estado estranxeiro por transportistas que non están establecidos no mesmo?**

- a) Servizos irregulares.
- b) Servizos triangulares.
- c) Transporte ocasional.
- d) Transporte de cabotaxe.

**24. Que requisitos se esixen para poder transmitir unha autorización de transporte público de mercadorías a outro titular?**

- a) Que o adquirente reúna os requisitos esixidos aos titulares desta clase de autorizacións, salvo o relativo á antigüidade inicial dos vehículos.
- b) Que o adquirente non sexa xa titular dunha autorización igual á que pretende adquirir.
- c) Que o adquirente pase a dispoñer de todos os vehículos adscritos á autorización no momento de ser transmitida.
- d) Todas as respostas son correctas.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**25. En que réxime aduaneiro se inclúen as mercadorías da Unión que van saír do territorio aduaneiro da Unión Europea?**

- a) No réxime de importación.
- b) No réxime de exportación.
- c) No réxime de expedición extracomunitaria.
- d) No réxime de despacho a libre práctica.

**26. O transporte de mercadorías perigosas está suxeito a normas de carácter internacional contidas no:**

- a) ASR.
- b) ADS.
- c) ARD.
- d) ADR.

**27. Como se chama o conxunto de coñecementos e técnicas que buscan a mellor adaptación posible do home ás actividades que desenvolve?**

- a) Ernomía.
- b) Ergomía.
- c) Ergonomía.
- d) Etgonomía.

**28. Que efecto se produce no réxime de revolucións do motor ata chegar ás rodas?**

- a) Prodúcese unha multiplicación.
- b) Prodúcese unha desmultiplicación.
- c) Prodúcese unha desclasificación.
- d) Prodúcese unha potenciación.

**29. Das seguintes indicacións, cal é incorrecta para seleccionar unha relación de marchas máis alta?**

- a) Comprobar no manual o rango óptimo de operación, segundo as revolucións do motor.
- b) Observar o coeficiente de rozamento do asfalto.
- c) Comprobar a velocidade á que se circula.
- d) Observar o desnivel se hai pendentes.

**30. Que datos rexistra automaticamente o tacógrafo?**

- a) A temperatura exterior.
- b) A velocidade.
- c) O nivel de combustible.
- d) O consumo de aceite.

**31. Ao estar en movemento, o vehículo leva asociada unha enerxía, chamada inercia dinámica, que está en función de?**

- a) a súa masa e velocidade.
- b) a altura do vehículo.
- c) a lonxitude do vehículo.
- d) a súa capacidade de freada.

**32. A choiva inflúe na perda de adherencia dos pneumáticos, cal é o momento no que hai que tomar máis precaucións?**

- a) Durante as primeiras pingas.
- b) Despois de choivas torrenciais.
- c) Cando a choiva sexa de intensidade media.
- d) No final da tormenta.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**33. As descargas eléctricas en traballadores do sector do transporte poden vir derivadas de:**

- a) conexións inadecuadas.
- b) cables e enchufes defectuosos.
- c) contacto da carga do vehículo con tendidos eléctricos.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**34. Ao prestar axuda nun accidente de circulación, cal debe ser o segundo obxectivo da intervención?**

- a) Preservar a seguridade da circulación para evitar novos accidentes.
- b) Solicitar a axuda especializada dos servizos de emerxencia.
- c) Socorrer aos feridos e trasladalos urxentemente ao hospital máis próximo.
- d) Non deterse para non entorpecer a circulación.

**35. Cando se esgota a capacidade de almacenamento da memoria do tacógrafo dixital, que ocorre cos datos máis antigos?**

- a) Almacénanse na tarxeta de empresa durante un ano máis.
- b) Almacénanse nunha segunda memoria durante un ano máis.
- c) Substitúense por outros novos.
- d) A memoria do tacógrafo dixital non ten límite de almacenamento.

**36. Durante a conducción, cal debe ser a posición dos brazos?**

- a) Tensa, de maneira que alcancemos o volante cos brazos completamente estirados.
- b) Relaxada, debendo alcanzar o volante de maneira que os brazos estean completamente dobrados.
- c) Lixeiramente flexionados e sen agarrar o volante con moita forza.
- d) Tensos e agarrando con forza o volante.

**37. Para que o airbag teña un efecto positivo nas súas funcións como elemento de seguridade pasiva, é necesario levar correctamente abrochado o cinto de seguridade?**

- a) Si, sempre.
- b) Non.
- c) Só cando se circula por estrada.
- d) Só para os ocupantes dos asentos traseiros.

**38. Ter o vehículo mal ventilado e estar nunha postura incomoda ao volante, que pode provocar?**

- a) Sede.
- b) Fame.
- c) Fatiga.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

**39. Se tras un accidente de circulación se comproba que un ferido non ten pulso, deberá practicarse unha masaxe cardíaca, combinado simultaneamente con:**

- a) a inxesta de líquidos quentes.
- b) a vertedura de auga fría sobre o seu rostro.
- c) as manobras de respiración boca a boca.
- d) a presión sobre as principais veas e arterias.

**40. Cal dos seguintes riscos para a saúde non está asociado á actividade de transporte?**

- a) Alteracións dos ritmos da dixestión e do soño.
- b) Úlcera de duodeno.
- c) Fatiga e tensión producidos pola prolongación de xornadas.
- d) Fatiga e tensión producidos polo traballo a contrarreloxo e urxencia do servizo.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**41. O exercicio físico habitual é especialmente recomendable para:**

- a) comprender o sentido das normas de circulación.
- b) analizar a información procedente do sistema de tráfico.
- c) ninguén.
- d) os condutores profesionais xa que pasan moitas horas da súa xornada sentados.

**42. O ASR é un dispositivo que:**

- a) evita a perda de tracción das rodas propulsoras.
- b) permite unha aceleración máis rápida.
- c) aumenta a velocidade.
- d) evita o bloqueo das rodas ao frear o vehículo.

**43. Cando está especialmente aconsellado que o condutor evacúe o vehículo?**

- a) En caso de choiva.
- b) Cando o vehículo se detivo sobre un cruzamento cunha vía de ferrocarril e non é posible move-lo.
- c) En caso de tormenta.
- d) No caso de que haxa moi pouca luz.

**44. Por que convén mirar periodicamente polos espellos retrovisores?**

- a) Para observar se deixamos atrás ao vehículo que acabamos de adiantar.
- b) Para non ser sorprendidos por manobras doutros vehículos.
- c) Para aumentar a velocidade.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**45. Quen son os profesionais especializados en organizar transportes internacionais e levar a cabo os trámites aduaneiros?**

- a) Os aduaneiros.
- b) Os axentes de inspección.
- c) Os transportistas.
- d) Os transitarios.

**46. Para que lumes se adoita empregar a area seca?**

- a) Para lumes en sólidos.
- b) Para lumes de plásticos.
- c) Para lumes nos gases.
- d) Para líquidos que se derraman polo chan.

**47. O par mínimo dun motor prodúcese?**

- a) ao ralentí.
- b) ao máximo de revolucións.
- c) a un réxime medio de revolucións.
- d) canto máis cheo de gases se atope o cilindro.

**48. En relación co auxilio aos feridos dun accidente de tráfico, sinala cal das seguintes afirmacións é incorrecta:**

- a) O obxectivo da actuación cos feridos é conseguir a súa estabilización e o mantemento da súa vida.
- b) Non se debe actuar se non se está seguro do que se debe facer, xa que se podería agravar a situación da vítima.
- c) As actuacións que se produzan na primeira hora son de vital importancia.
- d) A primeira actuación ante un ferido de tráfico debe ser voltearlo para recoñecer o seu estado.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**49. Cando, como consecuencia dunha inspección de transporte na estrada, deba ser trasladado un vehículo en sentido distinto ao da súa marcha, a autoridade competente poderá ordenalo sempre que o percorrido non sexa superior a:**

- a) 15 quilómetros.
- b) 30 quilómetros.
- c) 45 quilómetros.
- d) 60 quilómetros.

**50. Un condutor que nunha mesma semana leva unha condución diaria de 9 horas e 15 minutos e outra de 9 horas e 20 minutos, cantas veces máis pode pasar de 9 horas, segundo a regulamentación social europea?**

- a) Unha soa vez máis nesta semana.
- b) 3 veces máis nesta semana.
- c) Todas a que queira.
- d) Ningunha.

**51. Un condutor que leva acumuladas 50 horas de condución nunha semana, cantas horas máis pode facer esa semana, segundo a regulamentación social europea?**

- a) 10 horas máis.
- b) 2 horas máis.
- c) 6 horas máis.
- d) Todas as que queira.

**52. Das seguintes opcións, cal non é unha perda enerxética do motor?**

- a) Perdas por evaporación do combustible.
- b) Perda de calor polo tubo de escape.
- c) Perdas térmicas e mecánicas en forma de calor a través do sistema de refrixeración.
- d) Perdas mecánicas na transmisión.

**53. Cal das seguintes técnicas indicadas é máis correcta para optimizar o consumo de carburante?**

- a) Abrir os portelos para que circule o aire libremente.
- b) Ao arrincar en frío, conducir con moita suavidade.
- c) Circular a velocidade constante, aínda que sexa alta.
- d) Circular en punto morto sempre que sexa posible.

**54. Cal é a manipulación de cargas menos perigosa?**

- a) A que esixe esforzos intensos e prolongados.
- b) A que esixe non ter que cambiar o punto de agarre da carga.
- c) A que esixe esforzos realizados sen tempo de recuperación suficiente.
- d) A que esixe torcer o corpo durante a operación.

**55. Cales son as principais medidas que debemos adoptar en caso de vento forte?**

- a) Minorar a velocidade.
- b) Suxeitar firmemente o volante.
- c) Extremar a precaución nos pasos de zonas protexidas a desprotexidas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**56. Cales son equipos de protección individual do tronco e do abdome?**

- a) Xeonlleiras.
- b) Faixas e cintos antivibracións.
- c) Luvas contra as agresións de orixe eléctrica.
- d) Protectores auditivos.



# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**57. Que factor dos seguintes é causa de tensión entre os condutores profesionais?**

- a) Illamento social, sobre todo no caso dos transportes internacionais de longa duración.
- b) Risco económico persoal se se trata dun transportista autónomo.
- c) Prolongación de xornadas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**58. Cal dos seguintes é un dos factores en función do cal os clientes valorarán a calidade de servizo dunha empresa de transporte?**

- a) Competencia.
- b) Fiabilidade do servizo.
- c) Empatía.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**59. En cal dos seguintes lugares se debe entregar a declaración amigable de accidentes?**

- a) Na compañía de seguros.
- b) No domicilio do asegurado.
- c) No taller máis próximo ao lugar do sinistro.
- d) Na comisaría de Policía ou destacamento da Garda Civil de Tráfico.

**60. O consumo dun vehículo para percorrer 100 km, é algo característico do deseño do motor ou depende da forma e estilo de condución?**

- a) É característico do motor do vehículo, polo que só depende do seu deseño.
- b) Só depende da forma e estilo de condución.
- c) Depende tanto da forma e estilo de condución como das características do vehículo e o seu motor.
- d) Non depende de ningún dos dous factores mencionados.

**61. A enerxía cinética que posúe un vehículo en movemento depende de:**

- a) a súa velocidade, unicamente.
- b) a súa masa, unicamente.
- c) a súa masa e o seu volume.
- d) a súa velocidade e a súa masa.

**62. Ao accionar o freo eléctrico?**

- a) reducirase a velocidade de xiro da árbore de transmisión, pero non das rodas motrices.
- b) reducirase a velocidade de xiro das rodas motrices, pero non da árbore de transmisión.
- c) reducirase a velocidade de xiro da árbore de transmisión e das rodas motrices.
- d) non se reducirá a velocidade de xiro da árbore de transmisión nin das rodas motrices, xa que actúa sobre o embrague.

**63. Unha dose excesiva de café, que efecto negativo pode chegar a producir?**

- a) Alivio da fatiga.
- b) Ansiedade.
- c) Mantemento do estado de vixilia.
- d) Mellora dos reflexos.

**64. Onde se deben colocar as cadeas?**

- a) Nas catro rodas.
- b) Nas rodas dianteiras.
- c) Nas rodas traseiras.
- d) Nas rodas motrices.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**65. En que modo de funcionamento estará un tacógrafo dixital se ten dúas tarxetas de condutor inseridas?**

- a) En modo operativo.
- b) En ningún modo, sempre está igual.
- c) En modo de calibrado.
- d) En modo de control.

**66. Como se denomina o documento común a todos os Estados membros da Unión Europea que autoriza a realizar transporte internacional dentro do seu ámbito?**

- a) Licenza comunitaria.
- b) Autorización bilateral.
- c) Tarxeta de transporte.
- d) Permiso común.

**67. Os transportes de mercadorías de carácter oficial:**

- a) necesitan autorización de transporte privado complementario.
- b) Están exentos de autorización.
- c) necesitan autorización de transporte público.
- d) necesitan autorización de transporte oficial.

**68. Cando se fala do retárder está a facerse referencia a un ralentizador do tipo:**

- a) no motor.
- b) no escape.
- c) hidrodinámico.
- d) eléctrico.

**69. Por que motivo é necesario que o sistema de distribución estea correctamente regrado?**

- a) Para que o engraxamento sexa o adecuado.
- b) Para que a electricidade sexa distribuída en cada buxía no momento preciso.
- c) Para que a apertura e peche das válvulas sexa no momento oportuno e, con iso, non aumentar o consumo de carburante.
- d) Para que a subministración de carburante en cada inxector sexa no momento adecuado.

**70. Un adecuado mantemento do sistema de lubricación dun motor:**

- a) inflúe no consumo de carburante.
- b) non inflúe no consumo de carburante.
- c) unicamente inflúe na menor deterioración das pezas.
- d) unicamente inflúe na refrixeración do motor.

**71. O funcionamento do sistema de refrixeración dun motor, inflúe no consumo de carburante?**

- a) Si, xa que, se o motor non alcanza a temperatura adecuada de funcionamento, aumenta o consumo de carburante.
- b) Si, xa que, se o motor alcanza a temperatura adecuada de funcionamento, aumenta o consumo de carburante.
- c) Non, o sistema de refrixeración serve unicamente para evitar que o motor se gripe.
- d) Non, o sistema de refrixeración serve unicamente para evitar a deterioración do aceite.

**72. O condutor dun vehículo aproxímase a unha intersección regulada cun semáforo que se atopa en vermello, polo que deixa de acelerar antes de chegar. É correcto o seu comportamento?**

- a) Non, porque ao deixar rodar o vehículo sen acelerar, aínda que se reduce o consumo, aumentan os desgastes nos freos.
- b) Non, porque ao deixar rodar o vehículo sen acelerar, aínda que se reduce a contaminación atmosférica, aumentan os desgastes na transmisión.
- c) Si, porque aproveita a inercia do vehículo.
- d) Só se tamén pisa o pedal do embrague.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**73. En relación coas causas dos accidentes, a maioría destes:**

- a) débense a fallos na organización do traballo.
- b) non se deben a unha causa única senón que son o resultado da confluencia de varias delas.
- c) débense a defectos das ferramentas ou materiais.
- d) débense ao comportamento inadecuado do traballador.

**74. A que grupo de risco lle afecta fundamentalmente a perda de visión cando actúan como peóns?**

- a) Os mozos.
- b) Os maiores.
- c) Os nenos.
- d) Os condutores.

**75. No contarrevolucións dun vehículo pesado existe unha zona marcada, xeralmente, de cor verde, que supón circular cun número de revolucións por encima desa zona?**

- a) Unha menor presión no circuíto de engraxamento.
- b) Unha redución na velocidade de xiro da árbore de levas.
- c) Unha menor velocidade da bomba de refrixeración.
- d) Un maior consumo.

**76. Que consecuencias provoca no condutor un exceso de sinais no posto de condución?**

- a) Mellora a atención do condutor.
- b) Incrementa a fatiga.
- c) Contribúe á distracción da estrada.
- d) As respostas B e C son correctas.

**77. Circulando por unha calzada nevada ou xeadada, pódese ver afectado perigosamente o control da dirección do vehículo?**

- a) Si, ao circular por unha banda sobre chan seco e polo outro sobre neve ou xeo.
- b) Si, pero só cando o pavimento está mollado.
- c) Si, en todo caso.
- d) Non, en ningún caso.

**78. Poden seguir os cursos de cualificación inicial os condutores que non posúan o permiso de conducir correspondente?**

- a) Non.
- b) Si.
- c) Si, pero só para vehículos de viaxeiros.
- d) Si, pero só para vehículos de mercadorías.

**79. Para conducir un vehículo para o que sexa necesario un permiso de conducir de clase D ou D E, precísase:**

- a) só o permiso de conducir correspondente.
- b) o certificado de competencia profesional.
- c) un certificado da Xefatura de Tráfico.
- d) o certificado de aptitude profesional e o permiso de conducir correspondente.

**80. Que accións hai que realizar para conducir con seguridade?**

- a) Utilizar o vehículo coa máxima atención.
- b) Anticiparse ás accións dos demais condutores.
- c) Anticiparse ás accións dos peóns.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**81. Das seguintes accións, cal favorece a ausencia de accidentes?**

- a) Circular a unha velocidade inadecuada.
- b) Conducir baixo os efectos do alcol.
- c) Conducir respectando a sinalización viaria.
- d) Conducir utilizando inadecuadamente os elementos de seguridade dos vehículos.

**82. Que son os accidentes con forma non traumática?**

- a) Son os producidos por mor do sono.
- b) Son os producidos por mor de inhalacións de gases.
- c) Son as enfermidades con comezo ou agravamento repentino.
- d) Son os accidentes evitables.

**83. Que distancia de seguridade é necesario ter respecto do vehículo que nos segue para practicar unha condución preventiva?**

- a) A necesaria para poder frear con tempo e progresivamente de forma que o aceso da luz de freo sirva de sinal.
- b) A necesaria para poder frear con tempo, aínda que sexa bruscamente, sempre que o aceso da luz de freo sirva de sinal.
- c) A necesaria para poder frear, aínda que o aceso da luz de freo non sirva de sinal.
- d) En todo caso, a que se percorrería en 10 segundos á velocidade á que estamos a circular.

**84. Das seguintes opcións, cal non é un mecanismo de extinción dun incendio?**

- a) Dilución do osíxeno ou sufocación.
- b) Fuga do combustible ou derramamento.
- c) Separación do combustible.
- d) Redución de temperatura ou arrefriado.

**85. Cantas tarxetas de condutor debe ter un condutor que traballa para dúas empresas e conduce tres vehículos distintos con tacógrafo dixital?**

- a) Unha.
- b) Tres.
- c) Unha por cada empresa para a que traballe.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**86. A luz indicadora de dirección utilizarase...**

- a) para advertir dun desprazamento lateral.
- b) para advertir dun servizo de urxencia nun vehículo non prioritario.
- c) cando un vehículo non poida alcanzar a velocidade máxima esixida e exista perigo de alcance.
- d) para sinalizar un vehículo inmovilizado, aínda que sexa por circunstancias do tráfico, en autovías e autoestradas ou en lugares de visibilidade deficiente.

**87. Que controversias compete resolver ás Xuntas Arbitrais do Transporte?**

- a) De carácter civil, xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte.
- b) De carácter mercantil, xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte.
- c) De carácter laboral, xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte.
- d) De carácter penal, xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte.

**88. Cando deben usarse as pinzas no cinto de seguridade?**

- a) Soamente as poden utilizar os transportistas.
- b) Sempre que se queira.
- c) Soamente en vías interurbanas.
- d) Nunca, xa que reducen a eficacia do mesmo.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**89. Cun consumo igual, o nivel de alcol en sangue que se pode alcanzar é máis elevado:**

- a) con bebidas destiladas que con bebidas fermentadas.
- b) se se toma xunto con bebidas gasosas.
- c) se se toma quente.
- d) Todas as respostas son correctas.

**90. A utilización dunha relación de marchas alta e a redución das revolucións por minuto do motor dun vehículo pesado, permite reducir o consumo de carburante?**

- a) Si.
- b) Si, utilizar unha relación de marchas alta, pero non a redución das revolucións por minuto do motor.
- c) Si, reducir as revolucións por minuto do motor, pero non o utilizar unha relación de marchas máis alta.
- d) Non.

**91. As empresas autorizadas para impartir cursos destinados a obter o certificado de aptitude profesional de condutores denomínanse:**

- a) Empresas CAP.
- b) Centros CAP.
- c) Autoescolas.
- d) Centros de formación de condutores.

**92. Como se denomina ao produto da forza de expansión dos gases queimados que se transforma en xiro no cigüeñal?**

- a) Potencia do motor.
- b) Par motor.
- c) Consumo específico dun motor.
- d) Par máximo do motor.

**93. Que carga útil terá un vehículo de motor de dous eixos cunha MMA de 18.000 kg e unha tara de 8.000 kg?**

- a) 10.000 kg.
- b) 8.000 kg.
- c) 7.000 kg.
- d) 9.000 kg.

**94. Que función ten o sistema de axuda á conducción denominado FCW?**

- a) Detectar a baixa presión dun pneumático.
- b) Alertar de risco de colisión frontal.
- c) Avisar do exceso de velocidade.
- d) Activar a freada de emerxencia.

**95. Que finalidade teñen os elementos de seguridade activa dos vehículos?**

- a) Avisar ao condutor da existencia dun perigo.
- b) Informar o condutor da operatividade de determinados sistemas de seguridade.
- c) Evitar accidentes actuando antes de que se produzan.
- d) Solicitar a actuación do condutor ante unha situación de inminente colisión.

**96. Unha sinalización incorrecta na estrada, pode afectar á atención e producir distraccións?**

- a) Non é un factor que afecte á conducción.
- b) Si, é un factor interno ao condutor.
- c) Si, é un factor externo ao condutor.
- d) Si, pero soamente nas estradas convencionais.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 10-01-2024 16:15 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**97. Que pode producir unha derrapaxe do vehículo?**

- a) O uso brusco e inadecuado dos freos.
- b) Un mal estado da amortiguación.
- c) Unha presión dos pneumáticos inferior á aconsellada.
- d) O mal uso dos retardadores.

**98. Entre os custos directos dun accidente de tráfico inclúense:**

- a) os danos nos vehículos implicados.
- b) o custo do proceso xudicial derivado do accidente.
- c) os danos nos elementos da estrada.
- d) Todas as respostas son correctas.

**99. Que sinais indican a un condutor a aparición de somnolencia?**

- a) Dificultades para enfocar a vista.
- b) Perda de concentración.
- c) Bostezos repetidos.
- d) Todas as respostas son correctas.

**100. Segundo a Lei de responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, a cobertura do seguro de subscrición obrigatoria non alcanzará aos danos materiais ocasionados:**

- a) ao vehículo causante do accidente.
- b) aos bens dos que sexa titular o propietario do vehículo causante do accidente.
- c) aos bens dos que sexa titular o condutor do vehículo causante do accidente.
- d) Todas as respostas son correctas.

Preguntas de reserva (Só se corruxarán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

**101. A placa de certificación de conformidade para os vehículos autorizados para o transporte de mercadorías perecedoiras terá, polo menos, as seguintes dimensións:**

- a) 100 mm X 80 mm.
- b) 160 mm X 100 mm.
- c) 200 mm X 150 mm.
- d) 250 mm X 160 mm.

**102. Cantos puntos se perden no permiso de conducir por minorar os tempos de descanso obrigatorios para un condutor en máis dun 50 %?**

- a) Dous.
- b) Catro.
- c) Seis.
- d) Ningún, pois a responsable das infraccións á normativa de transportes é a empresa transportista.

**103. Os microsoños ao volante:**

- a) están relacionados cos denominados "accidentes solitarios".
- b) veñen orixinados por conducir durante moitas horas e durmir pouco.
- c) son circunstancias controlables polo condutor movéndose con frecuencia no asento.
- d) As respostas A e B son correctas.

# EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Fecha: 10-01-2024 16:15 h  
Lugar: Rúa de Madrid, 2

Examen: Mercancías Modelo A  
Duración: 120 MINUTOS

96. Una señalización incorrecta en la carretera, ¿puede afectar a la atención y producir distracciones?

- a) No es un factor que afecte a la conducción.
- b) Sí, es un factor interno al conductor.
- c) Sí, es un factor externo al conductor.
- d) Sí, pero solamente en las carreteras convencionales.

97. ¿Qué puede producir un derrape del vehículo?

- a) El uso brusco e inadecuado de los frenos.
- b) Un mal estado de la amortiguación.
- c) Una presión de los neumáticos inferior a la aconsejada.
- d) El mal uso de los retardadores.

98. Entre los costes directos de un accidente de tráfico se incluyen:

- a) los daños en los vehículos implicados.
- b) el coste del proceso judicial derivado del accidente.
- c) los daños en los elementos de la carretera.
- d) Todas las respuestas son correctas.

99. ¿Qué señales indican a un conductor la aparición de somnolencia?

- a) Dificultades para enfocar la vista.
- b) Pérdida de concentración.
- c) Bostezos repetidos.
- d) Todas las respuestas son correctas.

100. Según la Ley de responsabilidad civil y seguro en la circulación de vehículos a motor, la cobertura del seguro de suscripción obligatoria no alcanzará a los daños materiales ocasionados:

- a) al vehículo causante del accidente.
- b) a los bienes de los que sea titular el propietario del vehículo causante del accidente.
- c) a los bienes de los que sea titular el conductor del vehículo causante del accidente.
- d) Todas las respuestas son correctas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. La placa de certificación de conformidad para los vehículos autorizados para el transporte de mercancías perecederas tendrá, al menos, las siguientes dimensiones:

- a) 100 mm X 80 mm.
- b) 160 mm X 100 mm.
- c) 200 mm X 150 mm.
- d) 250 mm X 160 mm.

